

XORNADA

**XÉNERO E
DOCUMENTACIÓN II:
A RECUPERACIÓN
DA MEMORIA
DO MOVEMENTO
FEMINISTA**

MÉRCORES 27 DE XUÑO DE 2012
CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Santiago de Compostela



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O desenvolvemento do movemento feminista e, máis concretamente, a emerxencia de grupos e colectivos de terceira onda (segunda metade de século XX) resultan de interese fundamental á hora de entender e explicar as transformacións cualitativas e cuantitativas relacionadas co lugar social ocupado polas mulleres no decorrer da historia galega e universal e é son chaves para entender o enfoque de xénero. Este aglutina unha parte importante das investigacións máis actuais e constitúe a base sobre a que as institucións elaboran programas e medidas para corrixir as desigualdades entre os sexos.

Consciente disto e, seguindo a liña de actuación iniciada en 2007 coas xornadas “Xénero e documentación I”, a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega proponlles ás persoas vinculadas con arquivos, centros de documentación e bibliotecas unha achega ao tratamento da documentación (recuperación, conservación, posta en valor e difusión) producida por organizacións de mulleres, en agrupacións autónomas e mixtas, identificadas co feminismo.

As xornadas “Xénero e documentación” están dirixidas ao persoal que traballa en centros documentais, estudantado ou tituladas/os nos ámbitos de Biblioteconomía, Documentación e Humanidades así como a persoas que de maneira individual ou colectiva se interesan na conservación deste tipo de fondos.

Comisión de Igualdade
Consello da Cultura Galega

PROGRAMA

27 XUÑO

MAÑÁ

10:00 h

Presentación

Rosario Álvarez Blanco, vicepresidenta do Consello da Cultura Galega
María Xosé Agra Romero, coordinadora da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega

10:30 h

Memoria e visibilización da muller a través dos fondos documentais de xénero. Experiencias no Centro Documental de la Memoria Histórica

María José Turrión García, Centro Documental de la Memoria Histórica, Salamanca

Presenta: **Carmen Pérez Pais**, membro da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega. Universidade da Coruña

11:30 h

Centro de Documentación de Mulleres. Biblioteca Dixital: construíndo un “lugar da memoria” do Movemento Feminista do País Vasco

María José Sola Sarabia, Centro de Documentación de Mujeres “Maite Albiz” Emakumeen Dokumentazio Zentrua, Bilbo

Presenta: **Concepción Varela Orol**, membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega. Universidade da Coruña

12:30 h

Unha experiencia de recuperación das fontes de información do Movemento Feminista en Euskal Herria

Rosa María Andrieu Sanz, Bilgune Feminista, Donostia. Euskal Herriko Unibertsitatea

Presenta: **Mariam Mariño Costales**, técnica da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega

TARDE

16:30 h

Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia

Carmen Pérez Pais, membro da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega. Universidade da Coruña

Mariam Mariño Costales, técnica da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega

17:30 h

Debate aberto: Reflexionar sobre o feito, construír futuro

Intervenientes: público asistente, relatoras, presentadoras e coordinadoras da xornada
Presenta e modera: **María Xosé Agra Romero**, coordinadora da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Organiza:

Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega

Coordinan:

Carmen Pérez Pais

Mariam Mariño Costales

Inscrición:

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Inscrición e máis información:

www.consellodacultura.org

difusion@consellodacultura.org



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 | Santiago de Compostela | Galicia

981957202 | difusion@consellodacultura.org

Consulta os materiais | <http://consellodacultura.org/mediateca>